BORRADOR DA ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEGAN CELEBRADA O 9 DE XULLO DE 2025

A Asemblea comeza ás 16:30 horas en SEGUNDA convocatoria cos asistentes que se relacionan ao final. A reunión se celebra no CSC de Fontiñas en Santiago de Compostela, co seguinte

Orde do día:

1.- Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

2.- Informe do Presidente.

3.- Aprobación se procede das contas correspondentes ao ano 2024.

4.- Aprobación se procede do orzamento do ano 2026.

5.- Aprobación se procede das Normativas xerais da tempada 2025-26 (X01 a X04)

6.- Aprobación se procede de Calendarios e Normativas de competicións 2025-26 das distintas modalidades deportivas:

Natación (N1 a N19)

7.- Rogos e preguntas (R01, R02).

No primeiro punto do orde do día e a lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior, que se publicou co resto da documentación no apartado da Asemblea na páxina web da Federación. Ao non haber intervencións, se procedese a votación.

A acta se aproba por unanimidade.

No punto 2 da orde do día, o Presidente comeza dando a benvida a todos os asistentes a esta Asemblea.

Empezamos a tempada facendo a I Gala de Natación en Lugo, onde persoalmente estou moi satisfeito porque démoslle visibilidade os verdadeiros protagonistas deportistas, adestradores, clubs, Directivos, xuíces, das distintas disciplinas ademais de Patrocinadores. Este ano será en Ponteareas o Sábado día 11 de outubro e gustaría contar con todos vos pq esta e a vosa Gala.

EN CANTO A XESTIÓN QUE VIÑEMOS REALIZANDO :
Esta tempada chegamos a acordos coa Universidade de Santiago e ca Universidade de Vigo para que @s deportistas con licencia teñan entrada de balde para usar as instalacións e poidan levar a cabo os seus adestramentos, en Santiago chegamos a un acordo, creo que moi bo, onde contamos con un adestrador en un horario determinado.....tivemos 5 deportistas con unha asistencia bastante satisfactoria e creo que debemos aproveitar este convenio porque nos favorece a todos e sobre todo @s nadador@s.

Firmamos un convenio con CLUBER (Plataforma tecnolóxica deseñada para xestión de clubs) onde nos pode facilitar trámites de pagos etc.. e sin custo para os clubs nos trámites ante federación e onde a facturación e instantánea polo que axilizamos a tramitación das facturas, penso que xa a coñecedes todos, e unha pasarela de pago.
Seguimos un ano máis con Patrocinio de SOFTEE – JIM SPORT por valor de 12.000 € e tamén con D.O ARZÚA

– ULLOA para o Circuito de AA por valor de 7.000 €

Revisando convenio coa Secretaría Xeral, detectamos unha anomalía coa sección de Natación Artística onde non está reflectida a adestradora do CGTD, isto se lle trasladou a José R. Lete e á subdirectora Belia Méndez, onde nos recoñeceron que efectivamente non estaba dentro do Convenio, isto foi finais de Marzo principios de abril. Chegamos a un acordo para este ano que se nos aprobou en unha addenda por valor de 22.500 € e coa palabra que será incluída no convenio no próximo ano, aínda que NON confío nas palabras e teño motivos suficientes e contrastados para desconfiar. Levabamos dende decembro 2019 con esta irregularidade e creo que a xestión que levamos a cabo e de destacar para os intereses da FEGAN.

Non menos importante e o esforzo que estamos a facer para conseguir instalacións e ver posibilidades de abrir vías alternativas de piscinas e Concellos que ata o de agora non se estaban explorando e que a verdade que hai Concellos que nos abren as portas e teñen unha moi boa dispoñibilidade para levar a cabo Competicións, Tecnificacións, Campus, etc...véxase As Pontes, Cervo, Elviña, A Estrada, Caldas de Reis, San Diego..... temos verdadeiros problemas para organizar competicións e Tecnificacións. Tamén temos firmado un convenio na Estrada coa Secretaría Xeral, concretamente na (AGAPS, Academia Galega Pública de Seguridade) para concentracións da Fegan, só que temos un problema, que a piscina está xestionada por unha empresa privada e o custo das rúas teñen un prezo moi elevado.
Con respecto as Instalacións (o luns chegouvos un correo con incidencias ocorridas no Campionato Galego junior e absoluto de natación en Pontevedra) e creo que todos debéramos reflexionar sobre o ocorrido e poñer todos os medios para que isto non volva a producirse, creo que temos que ser responsables polo ben do noso deporte. O RESPECTO E A EDUCACIÓN teñen que ser a nosa mellor imaxe.

Por primeira vez estamos levando a cabo uns Campus en Cervo nas tres disciplinas con dous obxectivos moi claros :
1º Poñer en valor a nosa Federación para seguir crecendo deportivamente, e situala como un referente na formación de xóvenes talentos. Esa e a miña idea e obxectivo.
2º Obxectivo, recursos económicos que se traducen en máis ingresos para a Federación.
Estamos traballando na próxima tempada en canto a Eventos Nacionais xa que un dos meus obxectivos e poñer a Galicia e a nosa Federación como referente en organización de Eventos, isto sempre co beneplácito dos Clubs e Concellos que poden albergar este tipo de Competicións.

EN CANTO A PARTE DEPORTIVA :
LICENZAS :
Natación : 2773 (+ 48) Femenino : + 30 / Masculino : + 18
Waterpolo : 621 (+ 32) Femenino : -1 / Masculino : + 33
Artística : 705 (+ 50)
Máster : 875 (- 32) Femenino : -7 / Masculino : -25
Directivos : 93 (+ 11)
Técnicos : 122 (- 14)
Árbitros : 600 (-69)
Total : 5789 (+ 25)

EN NATACIÓN :
Tecnificacións : 32 / 17
EN ARTÍSTICA :
Tecnificacións : 25 / 8
Daniela Suarez (CNA Galaico Pontevedra) en Campionato de Europa Junior celebrado en Grecia logrou 3 medallas de Ouro e tamén recibiu o Premio " Carrera Dual "que outorga o CSD

No Campionato de Esppaña Infantil por CCAA celebrado na piscina de Elviña en A Coruña, logramos un 4º posto.
Campións de España Absoluto de Inverno en SOLO Juan David Hernández , e en DUO MIXTO Campións de España Juan David Hernández e Inés Soto (CNA Galaico Pontevedra). Tamén en Duo Mixto Infantil Bronce para Iván Glez e Clara Maquieira en Campionato de España de verán.
Quería destacar o gran traballo que están a facer os Clubs e a magnifica organización do Campionato de España celebrado en Pontevedra polo CNA Galaico Pontevedra.

EN WATERPOLO :
17 / 15

Como resumo/informe de actividade por especialidades, en NATACIÓN

Resultados e aspectos mais destacados
Participación no Campionato Europa de Augas Abertas Mateo García Castro Paula Otero Fernández.
Participación no Campionato Europa Junior de Augas Abertas Inés Mourenza Rocha.
Participación no próximo Mundial de Augas Abertas Singapur Paula Otero Fernández.
Participación na próxima edición do Festival Olímpico da Xuventude Europea Nicolás Astigarrabía.
Participación na Copa do Mundo World Aquatics Etapa 5 (2024) e Etapa 1(2025) Mateo García Castro e Paula Otero Fernández.
Medallistas nacionais nas categorías senior sub júnior e infantil, 20.
Dende o de outubro levamos MMG masculinos e femininos e RG remudas1 , 62 (48 14) 31 (14 – 17 individuais Logrouse mellorar o RG máis lonxevo que databa de). 1998.
5ª posición no Campionato España Infantil e Júnior por FFTT
6ª posición no Campionato España Alevín en idade escolar por FFTT
Participación en concentracións preparatorias e de seguimento nas categorías sénior sub 20, júnior e infantil, coa RFEN.
Convocatorias de técnicos para asistir como integrantes do Equipo Nacional Luisa Dominguez Lago e Carlos Brión Sampedro.
Inclusión de técnicos no Programa de formación Mentorship Sergio Silva CN Galaico.
Xornadas de tecnificación
Fixéronse un total de 31 xornadas de tecnificación repartidas da seguinte maneira:
• en categoría benxamín8 .
• en categoría alevín15 .
• en categoría infantil 9 .
Participaron un total de 33 adestradores
• 16 en categoría benxamín
• 10 en categoría alevín
• 6 en categoría infantil

En canto a WATER-POLO
RESULTADOS TEMPADA 24/25 FEGAN WATERPOLO:

- CATEGORÍA ABSOLUTA MASCULINA
  CAMPIÓN DE LIGA – CW PONTEVEDRA
  CAMPIÓN DE COPA – CM FERROL

DESTACAR LA PARTICIPACIÓN DO CW PONTEVEDRA NA FASE DE ASCENSO A 2º DIVISION NACIONAL ACABANDO EN 6º POSICIÓN FINAL

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

- CATEGORÍA ABSOLUTA FEMENINA
    CAMPIÓN DE LIGA – RCN DE VIGO
    CAMPIÓN DE COPA – CW PONTEVEDRA

- CATEGORÍA MASTER
    CAMPIÓN CM FERROL
- CATEGORÍA XUVENIL MASCULINA
    CAMPIÓN CM FERROL

DESTACAR A PARTICIPACIÓN DO CM FERROL NO CAMPIONATO DE ESPAÑA XUVENIL DE 2º DIVISION OBTENDO A 8º POSICIÓN

- CATEGORÍA CADETE MIXTA
    CAMPIÓN CW PONTEVEDRA

- CATEGORÍA INFANTIL MIXTA
    CAMPIÓN LIGA GALEGA INFANTIL MIXTA RCN DE VIGO
    CAMPIÓN DO CTO INFANTIL MIXTO DE INVERNO E VERÁN RCN DE VIGO

DESTACAR A 12º PRAZA DO RCN DE VIGO NO CAMPIONATO DE ESPAÑA INFANTIL MIXTO POR CLUBES E A 16º POSICIÓN DO CW PONTEVEDRA NO CAMPIONATO DE ESPAÑA INFANTIL FEMININO.
ADEMAIS A SELECCIÓN GALEGA INFANTIL FEMININA OBTIVO A 9ª POSICION E A MASCULINA A 13ª POSICION NO CAMPIONATO DE ESPAÑA INFANTIL POR CCAA.
AMBAS SELECCIÓNS TIVERON 10 XORNADAS DE TECNIFICACIÓN PARA PREPARAR O CAMPIONATO

- CATEGORÍA ALEVIN MIXTA
    CAMPIÓN DE LIGA CW SANTIAGO A
    CAMPIÓN DO CAMPIONATO GALEGO ALEVIN MIXTO DE INVERNO E VERÁN CW SANTIAGO A
DESTACAR A PARTICIPACIÓN DO CM FERROL E CW SANTIAGO NOL CAMPIONATO DE ESPAÑA ALEVIN MIXTO OBTENDO A 36ª E 37ª posición RESPECTIVAMENTE.

- CATEGORÍA BENXAMIN MIXTA
    CAMPIÓN DE LIGA CW SANTIAGO
    CAMPIÓN DO CAMPIONATO GALEGO BENXAMIN DE INVERNO E VERÁN CW PONTEVEDRA,
DESTACAR O AUMENTO DAS LICENZAS DE DEPORTISTAS CON UN TOTAL DE 621 LICENZAS (455 MASCULINAS E 166 FEMININAS) EN COMPARACIÓN COA TEMPADA ANTERIOR (585)

EN CANTO A PARTE PERSOAL :

As tempadas fanse moi largas, moitos temas nos que hai que actuar, onde hai que tomar decisión, moitos viaxes, moitas reunión, moita competición, moito ruído, moita crítica, moitas veces rozando a descualificación, correos fora de lugar etc..etc.. etc.. tamén teño que dicir que hai felicitacións, pero en definitiva....CANSADO e un pouco DESILUSIONADO pero co convencemento da miña implicación a un 100% por eso estou moi tranquilo.

A esta Xunta Directiva, e a este Presidente quédanos un ano, xa que no 2026 tocan eleccións coincidindo con Xogos Olímpicos de Inverno e quero expresar o meu agradecemento a todos os estamentos, disciplinas e persoal por este tempo, e que ca maioría teño unha excelente relación de traballo e espero que así siga ata

as eleccións. GRAZAS. Con isto quero animarvos a presentar unha alternativa e dar un paso adiante as próximas eleccións. Non e unha despedida, só que me gustaría que houbera unha alternativa. Esta Xunta Directiva e este Presidente a cabeza, seguirán traballando cada día para deixar a Institución o máis saneada posible. Collemos a Federación con un déficit (que agora comentará o tesoureiro, Alejandro) e intentaremos rebaixalo a mínimos. Estou moi satisfeito polo traballo levado a cabo porque creo que lle demos as tres disciplinas a mesma importancia, e este Presidente e Xunta Directiva intentamos estar a altura que esta Federación se merece, arroupando @s deportistas, adestrador@s e clubs e darlle unha importancia os actos Protocolarios nas entregas de medallas e Trofeos, presentación, reunións etc.. tedes que ser conscientes da dedicación a todo isto, os kms e o tempo persoal e profesional.

No punto 3 da orde do día, toma a palabra o tesoureiro Alejandro García para indicar en primeiro lugar, as

Medidas adoptadas no 2025 :

Despois de analizar as contas de 2024 despréndese que a perda do exercicio de 22.634,88 euros cumpre o plan de viabilidade presentado á Secretaría Xeral da Xunta de Galicia en xaneiro de 2024. Devandito plan actualizouse en xaneiro deste ano como requisito necesario para a cobranza da subvención.

O plan de viabilidade trata de recuperar unha normalidade nas contas da federación nun prazo de 4 anos.

A día de hoxe cremos que, se se cumpren todas as condicións que temos previstas, poderase alcanzar a normalidade neste exercicio xa que as actuacións que estamos a levar non só pasan por un control exhaustivo e redución dos gastos, senón que obedecen tamén a un incremento substancial dos ingresos.
O incremento dos ingresos xa se ve reflectido este ano 2025 onde se acometeron dúas accións principais que reportan mais de 50.000 euros á federación.
Estas accións son:
Revisión do Convenio coa Secretaría Xeral para ou Deporte.
Este convenio, renovado anualmente con Secretaría Xeral, fai referencia a varias partidas de gastos, incluíndo entre elas a tecnificación por seccións do CGTD. O convenio estaba desfasado en canto á inclusión da Natación Artística, xa que aínda non se sufragaba ningunha parte dos gastos da disciplina desde o convenio anual. Isto levou a negociación o pasado mes de marzo e acordouse a súa actualización no prazo de ano e medio, axustando a través dunha Addenda de 22.500 euros o convenio deste ano e comprometendo para 2026 a totalidade da regularización, é dicir, 45.000 euros.
Organización de actividades por parte da Federación.
Estas actividades, na anualidade 2025, fan referencia á organización dos campus de verán de Natación, Natación Artística e Waterpolo pensados para acoller a 120 deportistas en total, 40 por disciplina, algo que nos reportaría uns ingresos de 51.600 euros. A primeira edición está a resultar un éxito de participación xa que se rozan os 70 rexistrados, o que supón preto de 30.000 euros de ingresos este primeiro ano.

Os dous puntos anteriores aumentan o orzamento actual da federación en 50.000 euros e trasládanse ao orzamento de 2026 en máis de 90.000.

Todo o anterior non é suficiente, de momento, para liquidar un dos principais problemas que nos atopamos ano tras ano e que é a falta de liquidez en momentos puntuais do ano como son os meses de febreiro/marzo e os meses de xullo/agosto, provocados no seu maior parte polos atrasos nas liquidacións do convenio coa Xunta de Galicia, que, en principio debería estar totalmente cobrado no mes de maio pero que, a xuño está pendente en máis de 40.000 euros.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

Para paliar esta falta de liquidez desde a federación paralizáronse os pagos que non fagan referencia ás nóminas dos traballadores e aos dereitos de arbitraxe das competicións.

En paralelo negociouse con CaixaBank un préstamo con vencemento en novembro que compromete coa entidade os ingresos propios de licenzas e cotas que deixarán de ser liquidados por Abanca.

En canto ás contas anuais 2024:

Perdas e Ganancias 2024
En relación coas contas anuais de 2024 e, en referencia ás Perdas e Ganancias, comentamos:

A. Ingresos

Proceden, principalmente, de:
1. Cifra de negocios
2. Ingresos de explotación.

1/ **A cifra de negocios** ascendeu a 496.049,04 euros que se dividen en licenzas e cotas federativas e a organización de competicións. Na anualidade 2024 a federación cursou licenzas por 226.934 euros e cotas de club por 22.897 euros. A conta de organización de competicións ascendeu a 229.687 euros. Hai outros ingresos que contabilizamos neste apartado que suman 16.529 euros.

2/ En **Ingresos de explotació**n incluímos dous puntos principais, o convenio asinado coa Xunta de Galicia e outros convenios con organismos públicos (concellos, deputacións) ou privados (Arzúa Ulloa). Este punto suma 198.522 euros

Desta maneira vemos que os ingresos da federación en 2024 superaron os 700.000 euros.

B. Gastos

Os gastos da concéntranse na organización de competicións e os soldos e salarios. Se analizamos estas partidas vemos:

1/ Os soldos e salarios están incluídos nos **gastos de persoal**. Esta conta, inclúe máis conceptos que fan que quede relativamente desvirtuada. Estas inclusións obedecen a criterios de auditoría. Desta forma vemos que ademais dos Soldos e Salarios coa súa correspondente Seguridade Social tamén incluímos dietas de persoal e demais figuras federativas, asemblea e xunta directiva, elevando a partida a 328.624 euros.

2/ Os **gastos de explotación** están liderados pola organización de competicións. Aquí temos incluídos os dereitos de arbitraxe, alugueiro de crono electrónico, dirección de competición e edición de resultados. Esta partida, sumada coa de medallas e premios ascende a 223.341,27 euros, practicamente o mesmo que o que ingresamos pola partida de organización de competicións. A diferenza fai referencia a gastos contabilizados nun exercicio e liquidados noutro.

Outro punto importante é o dos <u>desprazamentos</u> onde distinguimos 3 contas distintas, sumando entre elas 117.667 euros (61.520 euros de CGA, 40.010 euros de seleccións a CCAA e 16.136 euros en tecnificación, incluíndo as xornadas GES).

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

Unha vez analizadas as partidas que forman parte dun Balance de Perdas e Ganancias podemos concluír en que a perda real da Federación Galega de Natación é de 7.254,81 euros xa que esa é a diferenza real entre os ingresos e os gastos xerados na anualidade. Este concepto contable, EBITDA é o mais utilizado á hora de analizar os resultados anuais xa que non ten en conta as amortizacións que realmente non son un gasto da anualidade. Estas amortizacións aplícanse posteriormente para calcular o EBIT ou resultado do exercicio e é aí cando aplicamos os 15.380 euros de amortizacións para chegar ao resultado final de 22.634 euros.

As contas do 2024 son aprobadas con 31 votos a favor, 0 votos en contra e 0 abstencións

No punto 4 da orde do día sobre o orzamento do ano 2026, o tesoureiro indica o seguinte:

Para a elaboración do orzamento de 2026 analizamos de forma detallada as partidas de Ingresos e Gasto dos últimos dous anos. Partimos de criterios de prudencia en Ingresos deixando practicamente igual as principais partidas, aumentando unicamente as cantidades que, ou dependen de nós, ou temos comprometidas. No caso dos gastos tratamos de actuar cos criterios de contención ou rebaixa que estamos a aplicar.

Partimos dos INGRESOS orzados que ascenderán a 788.000 euros. Estes ingresos estarán formados por:

Licenzas e Cotas: Mantémolas en cifras de 2024 onde se chegou practicamente aos 250.000 euros

Convenios: Nesta partida imputamos unha subida de 45.000 euros correspondente á inclusión da Natación Artística no convenio anual. Desta forma o convenio ascenderá a 230.000 euros

Dereitos de competición: Esta partida inclúe todos os pagos de competicións de que fan os clubs.

Estas serían as tres partidas principais de ingresos que se complementarían con outras como a organización de actividades por 55.000 euros (a maior parte corresponden á organización do campus), patrocinios por 18.000 euros e uns ingresos extraordinarios formados por distintos convenios e axudas de entidades e organismos oficiais.

En relación aos GASTOS temos tamén tres partidas que destacan sobre o resto e que fan referencia a:

Soldos e Salarios: incluímos nóminas e seguridade social. Órzanse practicamente pola mesma cantidade mais o correspondente a regularizacións anuais.

Arbitraxes: Esta partida xunto coa de gastos de competición ascende a 220.000 euros e esta compensada cos dereitos de competicion que pagan os clubs.

Desprazamentos e gastos de viaxe fan referencia ao mesmo aínda que están en dúas contas distintas para diferenciar os gastos de quilometraxe de Xunta Directiva, Asemblea, persoal federativo e Comité Galego de Arbitros dos gasto ocasionados por acudir a competicións por parte das distintas seleccións. Os desprazamentos orzámolos en 80.000 euros e os gastos de viaxe en 60.000, aínda que estes últimos dependen moito dos destinos das competicións.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

Como no caso dos ingresos tamén hai unha serie de gastos de menor cuantia que completan o orzamento. Neste caso falamos de gasto na organización de actividades propias por 20.000 euros, gasto en Material Deportivo por 15.000 euros, seguros por outros 15.000 euros, onde incluímos a Responsabilidade Civil da Federación, seguro de danos do marcador electrónico, furgoneta, convenio colectivo, oficina..... e gastos varios por 28.000 euros que inclúen todos os gastos fixos de telefonia, limpeza, asesoría, auditoría, riscos laborais, compras, etc....

O orzamento 2026 e aprobado por 31 votos a favor, 0 votos en contra e 0 abstencións.

Nos puntos 5 e 6 se debaten as propostas de modificación presentadas por escrito plos asembleístas, sendo as únicas que se tratan e someten a aprobación.

A continuación figura o resumo coas propostas presentadas polos asembleístas sobre as normativas xerais, normativas de competicións e calendarios das diferentes modalidades e os resultados das votacións:

PROPOSTAS NORMATIVAS XERAIS				
X1	Adrián_Trillo	Libro 4 Regulamento Xeral – Organización de competicións	Prohibición mensxes connotacións políticas ou nas instalacións	Non procedente
X2	Óscar Diéguez	Composición xurados e dereitos de arbitraxe	Dereitos de arbitraxe por sesión e excesos de duración	Aprobada Si-28 No-0 Abs- 2
X3	Óscar Diéguez	Importes axudas de custo	Dieta de comidas	Aprobada Si-28 No-0 Abs- 2
X4	Adrián_Trillo	Organización de competicións	Compensación a clubs organizadores	Aprobada Si-20 No-2 Abs- 9
PROPOSTAS NORMATIVAS COMPETICIÓNS				
N01	FEGAN	Copa Galega Benxamín	1 único grupo	Aprobada Si-26 No-2 Abs- 3
N02	FEGAN	Copa Galega Benxamín	Designación de sede	Aprobada Si-25 No-3 Abs- 3
N03	CN Galaico	Ligas idades	Cambio de grupo	Retirada
N04*	CN Galaico	Liga Junior	Nova competición	Retirada*

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

N05	Adrián_Trillo	Cto Galego jun-Copa sénior	Programa de probas	Aprobada Si-27 No-0 Abs- 4
N06	FEGAN	Cto Galego jun-Copa sénior	Programa de probas	Retirada
N07	FEGAN	Cto Galego alevin verán	Eliminación limitación series e mínimas B	Aprobada Si-27 No-0 Abs- 4
N08	FEGAN	Cto Galego jun-abs verán	Criterio de puntuación	Aprobada Si-27 No-0 Abs- 4
N09	Juan Pontón	Cto Galego absoluto inverno	Finais	Aprobada Si-21 No-1 Abs- 9
N10	Juan Pontón	Cto Galego jun-abs ver	Finais	
N11**	Juan Pontón	Cto Galego absoluto inverno	Paneis cronometraxe electrónica	Retiradas**
N12**	Juan Pontón	Cto Galego jun-abs ver	Paneis cronometraxe electrónica	
N13	Juan Pontón	Cto Galego absoluto inverno	Inscrición remudas	Aprobada Si-19 No-0 Abs- 12
N14	Juan Pontón	Cto Galego alevin inv	Inscrición remudas	Aprobada Si-10 No-4 Abs- 17
N15	Juan Pontón	Cto Galego jun-Copa sénior	Inscrición remudas	Aprobada Si-19 No-0 Abs- 12
N16	Juan Pontón	Cto Galego infantil inverno	Inscrición remudas	Aprobada Si-10 No-4 Abs- 17
N17	Juan Pontón	Cto Galego alevin verán	Inscrición remudas	Aprobada Si-10 No-4 Abs- 17
N18	Juan Pontón	Cto Galego infantil verán	Inscrición remudas	Aprobada Si-10 No-4 Abs- 17
N19	Juan Pontón	Cto Galego jun-abs ver	Inscrición remudas	Aprobada Si-19 No-0 Abs- 12

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

RESUMEN DE ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADOS POR ESCRITO		
RP_01	Óscar Diéguez	Xuntanzas inicio tempada CGA e Clubes
RP_02	CN Galaico	Creación equipo psicólogos

N04* Estudio de incluir a deportistas júnior na liga infantil coa opción de participar na metade das probas previstas para cada xornada.

N11-12** Estudio de opción alternativa que non implique a colocación de placas do crono electrónico.

Na quenda de rogos e preguntas presentados por escrito, o Presidente responde ao Óscar Diéguez confirmando a posta en marcha para o inicio da vindeira tempada das reunións propostas polo CGA cos clubs das diferentes modalidades.

Ao CN Galaico responde que se intentará chegar a acordo para conseguir desconto con grupos de psicólogos para os federados.

Nos rogos e preguntas feitos polos asembleistas, comeza Andrés Carrera cun rogo para que se poidan enviar ao CGA vídeos de competicións para que se poidan explicar/aclarar (non se trata de reclamacións) posibles accións irregulares que levan a descualificacións de deportistas e así ter claros os motivos para corrixilos. Por parte do CGA responde Óscar Diéguez indicando que estarán encantados de recibir eses vídeos e colaborar.

Adrián Trillo roga que se cree una bolsa de emprego para técnicos porque os clubs moitas veces teñen serias dificultades para atopar técnicos. O compromiso da FEGAN e crear esa bolsa de traballo de cara á vindeira tempada.

Victoria Jiménez, pregunta polas posibles comisións que a plataforma Cluber cobra polos servizos de pasarela de pago. Indica que cando fan a presentación din que e un servizo totalmente gratuíto pero que despois no e así. Dous representantes de clubs que coñecen a plataforma indican que si, que Cluber, cobra unha comisión dunha porcentaxe do volume de negocio final, e que ofrece a posibilidade de que a pague o club ou os usuarios (socios) que utilizan a plataforma de pago. Que esa e unha decisión do club, de si lle convén ou non utilizar a plataforma.

Sin más asuntos que tratar, se levanta la sesión a las 19:15 h

RELACIÓN DE ASISTENTES Á ASEMBLEA XERAL ORDINARIA CELEBRADA O 14 DE XUÑO DE 2024

Estamento de Clubs:

RCN Vigo	Dª: Laura Marcos Varela
CN Coruña:	D. Raúl Solleiro Tizón
AD Fogar:	D. Gustavo Álvarez Nogueira
AD Náutio Narón	D. David Lata Rios
CN Ferrol:	D. Victoria Jiménez Pérez
CN Galaico	D: Alberto Castro Blanco
CN Rias Baixas:	D. Enrique Pérez Cruces
CN Traviesas:	D. Manuel Quintas Mosquera

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

CN Ponteareas:	D. Andrés Carrera Costas
CN Portamiñá:	D. Ángeles Vázquez Varela
CN Pabellón	D. Santiago Escudero Pereira
CN Mos	D. Carlos García González
C Sincro Ferrol:	Dª. Mª Carmen Permuy Guerreiro
CN Arzúa:	D. David Pampín Iglesias
CN Arteixo:	Dª Lucía Leiro Lois
CW Pabellón Ourense:	D. Alejandro García Rebolo
SD Boiro:	D. Brais Nieto Gontad
C Galaico Sincro:	Dª. Alejandra Parada
CDN Cidade Santiago:	D. Jose A Rioseco Díaz
CW Pontevedra:	D. Alberto López Penide
C Sincro Burbullas:	Dª. Lourdes Rejenjo Pedreira

Estamento de Deportistas:

Dª. Cristina Souto Derungs
D. Álvaro Rodríguez Ferro
D. Juan Pontón Rodríguez
D. Adrián Trillo Rodríguez
Dª. Ángela Martínez Novoa
D. Brais Pino Lorenzo

Estamento de Adestradores

D. Héctor García Soto
D. Pablo Méndez Ferreiro

Estamento de Xuíces-Árbitros:

D. Francisco Barral Trípoli
D. Manuel Castro Casal
D. Óscar Diéguez Reinaldo
Dª. Marina Fernández García

Presidente da Federación:

D. Juan Carlos Brión Lema

Membros da Xunta Directiva da Federación (sen voto)

D. Aitor Bouza Manso
D. Fernando Timiraos Carrasco
Dª. Ana Santiago Saiz

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

D. Mercedes González Delgado

Secretario Xeral:

D. Ramón Mosquera Niebla

Vº Bº Presidente

Secretario Xeral

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org